

**VÁZQUEZ VARELA, J.M.: *Etnoarqueología: conocer el pasado por medio del presente*. Servicio de Publicacións, Deputación Provincial de Pontevedra, Vigo, 2000.**

Por Miguel A. ABRAIRA PÉREZ

Se tiveramos que dar unha explicación rápida e sinxela, sen que por elo o concepto en cuestión perdera un ápice do seu contido e significado orixinal, cousa ben pouco frecuente, do que é investigar, diríamos que a investigación non é outra cousa que o proceso encamiñado a atopar unha relación entre variantes distintas e *a priori* pouco ou nada conciliables, na procura de novas posibilidades interpretativas. A fin de contas, ¿cal se non constitue a auténtica laboura do investigador? Investigación, no máis estricto senso da palabra, e novas posibilidades interpretativas é o que atopamos na letura de *Etnoarqueología: conocer el pasado por medio del presente*, libro que vén de publicar hai escasamente un ano o profesor Xosé Manuel Vázquez Varela, cadeirán de Prehistoria e Etnoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, quen vén desenrolando dende hai anos importantes estudos neste e noutros eidos da etnoloxía e prehistoria do noroeste da Península Ibérica.

Non obstante, antes de cederlle o merecido protagonismo á obra en cuestión, quixemos ver axeitado engadir unha pequena reflexión previa. A recensión non desempeña, dende logo, un papel excesivamente importante nin recoñecido no conxunto das revistas de temática arqueolóxica que se veñen publicando. Sen dúbida as razóns son varias e ben merecen un comentario aparte. Consideremos polo momento tan só o escaso nivel crítico de boa parte das mesmas, que soe aparecer asulagado por unha importante extensión adicada ó resumo. Se cadra, é precisamente por esa carencia de *espírito e tradición* crítica polo que as recensións adolecen hoxe dunha practicamente irrelevante consideración académica. ¿Mal feitas? Quizais. De tódolos xeitos sería un erro (e un acto de pedantería no cal pretendo non caer, desculpen se inconscientemente o fago) pola miña parte xuzga-la validez ou non do recensionado ata hoxe. Non é eso o pretendido. Na nosa opinión, a recensión non recúa no resumo, senón que vai máis aló delo. Para

saber de que trata un libro non fai falla moito máis que abrílo pola primeira e derradeira páxina do mesmo e ollar índice e bibliografía respectivamente. É por elo que trataremos de amosa-la validez (ou non) do libro recensionado a través dunha breve síntese na que predomine o factor crítico, aplicado de forma global, sobre a mera descrición ou resumo. En non poucas ocasións, téñense relacionado os conceptos crítica e medo (medo a criticar). Non debe se-lo caso. O ollo crítico (sexa a crítica positiva ou ben negativa) é para aplicar á obra, ou, se se prefire, ás ideas, non ás persoas. Se o primeiro se aplicase máis, quizais lograríamos rachar coa escasa tradición de discusión académica existente.

O libro en cuestión engloba dúas partes, senón tres (se engadimos unha recapitulación final das conclusións a modo de epílogo), ben diferenciadas: unha introducción teórica á disciplina etnoarqueolóxica como estratexia de investigación encamiñada ó achegamento ó coñecemento do pasado, ben completa e (auto)crítica por certo, e o groso dos traballos de campo desenrolados polo autor durante un longo periodo de anos nese eido, que pasan polo estudio e análise de actividades diversas desempeñadas ata a actualidade ou hai escasos anos no marco xeográfico do noroeste peninsular. Así, investigacións en aspectos tan variados como a minería ou extracción tradicional do ouro nos ríos, a pesca, o cultivo do millo miúdo, os sistemas tradicionais de caza, e un moi completo estudio baseado na análise da cerámica popular dende unha perspectiva holística. Todo elo encamiñado á procura dun achádego esencial: a elaboración de modelos interpretativos aplicables á prehistoria e protohistoria de Galicia e, *a posteriori*, doutras culturas. O obxectivo primordial pasa por ensaiar unha explicación íntegra da disciplina etnoarqueolóxica, na cal teoría e praxe resultan tratadas por igual ante ó lector, dunha forma crítica e razoada, avaliando os límites e posibilidades que a mesma conleva, e evidenciando tres puntos básicos do pensar do autor: a triple relación arqueoloxía-etnoloxía-historia; o valor da historia na disciplina que dá título ó libro; e finalmente a validez positiva das investigacións desenroladas en contextos socioeconómicos como o do noroeste ibérico, esto é, nunha sociedade industrializada e non ágrafa. Para todo elo, Vázquez Varela baséase nunha relativamente escasa bibliografía (que presenta por partes, ó remate de cada un dos capítulos que estruturan o libro) e, por suposto, na enquisa etnográfica e observación directa propias do traballo de campo etnográfico. Esto explícase dende o momento en que o mesmo autor aclara que o seu libro é máis froito dunha reflexión persoal que do uso ou reelaboración da bibliografía existente.

Pero pasemos ó método. O investigador comeza por presentarlle ó lector unha reflexión en voz alta de carácter epistemolóxico, centrada na historia e acerto (ou non) do termo que dá nome á estratexia investigadora posta en práctica. Trátase, é preciso dicilo, dun golpe de sorte para o lector, por unha simple razón. Moi ó contrario do que sucede noutras disciplinas (non quixeramos empregar aquí o termo *ciencias duras* e abrir así a caixa dos ventos furacanados que ouvean e ameazan de cada pouco coa eterna disputa encol da afirmación (¿?) da historia como *ciencia...*), os historiadores estamos certamente pouco ou nada afeitos a

razoar diante do lector. Máis ben, téndese a escoller (unha opción, a que máis agrade), expoñer (a opción elixida) e obviar (o resto). Non hai maior lugar para a exposición e posterior (auto)discusión de ideas que ese mínimo espazo inicial que soemos tildar con dubidoso acerto como *estado da cuestión*. O autor sábeo, e faillo notar ó lector para que éste vexa, efectivamente, como pensa, a traveso dunha exposición dos traballos o máis *obxectivo* posible (a subxectividade, recoñezámolo, non é o marco no interior do cal nos movemos, senón o espazo no que nos movemos. Nin podemos, nin interesa fuxir del), na que se amosan variantes tanto analizadas como rexeitadas, e na que se busca de modo constante a aplicación do razoamento lóxico.

Voltemos á sorte do lector. Medo e crítica, falabamos antes, semellan ir da man en ocasións. Isto desemboca en dous problemas básicos: o primeiro, a carencia de niveis críticos e o segundo a falla dun foro de discusión. Non son moitos, a ninguén lle fuxe, os que, antes de asumila, replantexan dende a súa mesma base a tendencia ou estratexia de investigación baixo a cal se (auto)inclúen. Con todo, hai excepcións que confirman a regra. Coñezoo dúas. Unha delas, a que vén ó caso, preséntase neste libro. O autor non asume a etnoarqueoloxía incondicionalmente, senón que inicia unha crítica (positiva e negativa) que abarca dende o mesmo concepto (con razón, o término elixido non é dende logo o máis apropiado) ata as posibilidades que ofrece, pasando por unha revisión e análise dos erros cometidos de xeito máis frecuente nos diversos estudos desenvolvidos ata o momento neste eido, revisión que por certo ben podería ser válida para outras moitas disciplinas.

Analizando o libro de Vázquez Varela dun xeito global, tal e como prometíamos, atópanse varios puntos fortes. Para aqueles que carezan de coñecementos acerca da etnoarqueoloxía, seguramente éste resultará de enorme utilidade, por unha simple e vella razón. A aprendizaxe ten que ser práctica, ou non é. Do mesmo xeito, é certo, poderíamos dicir que sen teoría non hai praxe. Certamente a teorización, presente nas primeiras follas do libro, acada o rango de imprescindible nun estudo deste tipo. Sen embargo, ésta resultaría en boa medida estéril se carecese da praxe que, ó cabo, non nos enganemos, é a que lle dá validez á teoría. A virtude, neste caso, reside no feito de que o autor confecciona un traballo que vai máis aló dunha determinada dimensión teórica. E faino a traveso da elaboración dun conxunto de estudos nos que sobresa o carácter crítico e reflexivo dos mesmos, para comprobar así os límites (todos) e posibilidades (certamente algunhas) que o desenvolvemento da disciplina ofrece. O desenrolo da praxe adquire, se cabe, un maior valor coa multiplicación de traballos elaborados. Neste senso, poderíamos aplicar unha fórmula *matemática* ben expresiva: *hipóteses + (repetición de)exemplos = maior fiabilidade*.

En realidade, se cadra o atranco meirande para outorgarlle, non tanto veracidade como validez, e aprobación xeral á disciplina da etnoarqueoloxía, é o propio libro, non é outro que o recordo da vella analoxía etnográfica e a equiparación que se pudiera facer da mesma coa estratexia etnoarqueolóxica. Sen pretender aquí tratar de diferenciar entre unha e outra (eso é algo que fai moi ben Vázquez Varela

nas páxinas pertinentes), de todos é sabido o rexeitamento xeral que a analoxía etnográfica provoca nos expertos dos nosos días, simplemente polo modo en que éstas se facían e aplicaban (digamos, ¿con *lixerezza de criterio*?) nun pasado non demasiado lonxano, pero nun contexto sociocultural e nivel de coñecementos sinxelamente diferente ó noso. Con todo, ninguén pode negar o valor e arraigame que a analoxía adquiriu no razoamento arqueolóxico, de tal modo que como ten dito Almudena Hernando («La etnoarqueología hoy: una vía eficaz de aproximación al pasado», *Trabajos de Prehistoria*, 52, n.º2, 1995, p.20), non teríamos podido pensar un pasado diferente de non ser pola evidencia dun presente tamén diferente ó noso. Funcionalidades, usos, clasificacións,... Nada desto podería terse feito sen o uso de analoxías etnográficas. Analoxías, non imos negalo, caracterizadas polo seu (mal) uso e abuso, pero en ocasións reveladas como de certa utilidade para o avance de determinados coñecementos arqueolóxicos. Por outro lado, é un risco, perigoso ou diría que ata pouco recomendable, asirse con forza á soga da esaxeración das (e pechamento nas) virtudes das novas liñas teóricas (o cal pode rematar, abofé, no afogamento das mesmas), e obviar o apoio que as vellas tradicións teóricas nos ofrecen, renegando delas. Neste caso, e enlazando co anterior, creo poder relativizar o empeño que o autor (e este é un punto no que difiro) e demais investigadores da etnoarqueoloxía poñen (o libro que recensionamos é un bo exemplo delo) en diferencia-la disciplina da que se ocupan, da analoxía etnográfica. A diferencia, certamente, existe, pero antóxaseme moito máis sinxela (e non por elo peor) do que se quere. Ó cabo, a etnoarqueoloxía non fai máis que retoma-la vella e útil analoxía etnográfica *tradicional*, para elaborar, desta vez coa precaución como premisa fundamental, unha hipótese (a aplicar ó pasado) ben feita e conscente de tódalas súas limitacións. Neste senso, a etnoarqueoloxía, e tamén o libro que nos ocupa, non é máis que o produto natural do intelixente e proveitoso uso da memoria e a historia: mirar ó pasado para falar (de) ou construír criticamente o presente. Algo semellante, por certo, ó que constitúe laboura básica no desenrolo da estratexia etnoarqueolóxica, pero neste caso ó revés: mirar ó presente (e ás veces tamén ó pasado, como puntualiza o profesor Vázquez Varela) para falar (de) ou construír criticamente o pasado.

Se cadra é aí onde reside a verdadeira virtude. Analoxía ben feita e conscente das limitacións. E a primeira limitación recoñecida polo autor nace no recoñecemento de que o pasado non existe xa, e como tal é irrecuperable. Isto, que dito así parece un produto de *Perogrullo*, non o é. Os humanos, e así está a comprobalo o propio autor nos seus máis recentes estudos, tendemos a recrea-la cultura e os valores coñecidos alí onde non coñecemos outros. Recreámo-lo noso mundo alí onde vaiamos, e cando recontextualizamos, aínda que se pretenda fuxir inutilmente da subxectividade na que vivimos, facémolo á nosa imaxe, proxectando o coñecido sobre o descoñecido. Ante isto, o autor propón dúas solucións: a primeira pasa polo coñecemento do maior número e variedade posible de culturas, que por certo nunca será suficiente posto que sempre representará un número limitado; a segunda, polo recoñecemento explícito de que

non hai dúas culturas iguais, e os rasgos culturais, se ben poden estar presentes en ben variadas e diferentes culturas do mundo, non permanecen estáticos, senón que varían segundo o contexto no cal se encadran. Esta realidade inequívoca, deixa, en certo modo, en coiros a comparación intercultural presente-pasado, en base ó carácter único e irrepetible das culturas. Por elo, Vázquez Varela persevera ó longo do seu traballo nunha acertada tese: *a metodoloxía correcta é supór que a relación é unha simple hipótese de traballo que ademáis recoñece que hai un gran número de variedades dentro das mentalidades das culturas (...) e que a proposta ten de ser contrastada na medida do posible cos materiais arqueolóxicos* (p.24).

Arqueoloxía. Esquecíamos quizais que a etnoarqueoloxía pretende ser unha ferramenta para a interpretación e formulación de hipóteses de situacións pretéritas. Axudar a un achegamento, afinar, enriquecer, criticar (os resultados da arqueoloxía)... ¿Son posibilidades que ofrece a etnoarqueoloxía? Probablemente. Se seguimos a Wylie (en boca de Alcina Franch: *Arqueología antropológica*, Akal, Madrid, 1989), *toda arqueoloxía significa ir máis aló dos datos, na vía, naturalmente, da interpretación*. Con todo, é evidente que non sempre é posible interpretar a través da ferramenta que nos ofrece a arqueoloxía. Se partimos de que a laboura do arqueólogo (eu diría que a laboura primaria e primeira) consiste en ir dos produtos culturais que constitúen o seu obxecto de estudio, esto é o rexistro arqueolóxico, á reconstrucción dos patróns de comportamento ou ó ideario cultural dos grupos sociais que o xeraron, remataremos recurrido, inevitablemente, como cando aquelas analoxías etnográficas directas das que falabamos, á etnoloxía. Esa viaxe constitúe o lazo de unión entre unha e outra: resultado do comportamento (arqueoloxía) *versus* comportamento (etnoloxía). Sen pretender entrar en estériles batallas disciplinarias, a unha non se entende sen a outra, e os resultados da segunda non son válidos en tanto non sexan debidamente cotexados e comparados, cando así proceda, cos materiais arqueolóxicos. A validez da etnoarqueoloxía, seguindo as ideas aportadas no seu libro por Vázquez Varela, volta a residir na prudencia, na consciencia das súas limitacións. Neste senso, a etnoarqueoloxía non resolve, nin moito menos, tódolos problemas conceptuais e interpretativos dos que adolece a investigación arqueolóxica. A búsqueda e achádego de analoxías etnográficas ben feitas non constitúe de por sí unha explicación dos feitos arqueolóxicos, pero demostrada queda a súa potencialidade á hora de ofrecer e desenrolar novas hipóteses de traballo (o cal, tendo en conta o panorama actual da nosa arqueoloxía, non é pouco) para contrastar nos eidos arqueolóxicos. Na medida en que estas hipóteses propicien ou favorezan o obxecto de avanzar con máis seguridade polo escuro, angosto e complexo camiño da interpretación dos comportamentos pretéritos plasmados no rexistro arqueolóxico, demostrarase o triunfo da etnoarqueoloxía como estratexia de investigación.

Namentres, é indubidable o valor que os traballos de tipo etnoarqueolóxico, desenvoltos, na obra que nos concerne, polo profesor Vázquez Varela, atesouran. Por un lado, e deixando aparte a pequena *batalla* académica na que o propio autor

entra nun momento moi determinado do libro para defender a etnoarqueoloxía como disciplina ou aplicación propia dos estudos etnolóxicos (ó igual que o estudo da cultura material actual), a obra supón unha agradable volta ó discurso integrador e multidisciplinar que durante moitos anos fixo salientar, de entre o panorama investigador europeo, os estudos galegos nos eidos da etnoloxía e a arqueoloxía. Non se trata, non, de voltar atrás na tradición investigadora, senón simplemente de recupera-la diversidade de información, de prolonga-las vellas raíces comúns e xerar unha arqueoloxía etnolóxica e integradora, de recuperar, neste momento de desmigallamento progresivo e por veces irreversible da historia, unha investigación global, que concilie disciplinas, que poña en común eidos de investigación diferenciados pero con nexos de relación, e que combata, en definitiva, a superespecialización que domina (a nosa facultade é unha boa proba delo) no academicismo actual. Ó igual que, como se di no libro de Vázquez Varela, o coñecemento do meirande número posible de culturas posibilitaranos unha maior capacidade crítica, a conciliación e apertura a outras disciplinas ou eidos de investigación debería outorgarnos, mediante un proceso natural de retroalimentación, unha meirande dose de criticismo no conxunto dos traballos. Etnoloxía, historia, arqueoloxía, paleontoloxía, bioloxía, palinoloxía, lingüística, xeoloxía, minería,... Todos eles son ámbitos de estudo e investigación que atopan un venciamento interno nos traballos desenvolto e presentados na publicación do profesor da universidade compostelana. Ése é o primeiro dos grandes triunfos que o libro *Etnoarqueología: conocer el pasado por medio del presente* pode apuntarse sen necesidade de agardar a que a arqueoloxía confirme o valor das súas hipóteses de traballo.

O outro gran triunfo neste senso, vén por outro vieiro non menos agardado e preciso. Nun contexto como o actual en que a arqueoloxía, a prehistoria e a etnoloxía galegas teñen esquecidos os seus vínculos naturais, e en que a cultura popular (evitaremos o uso xeral do sempre complexo termo *cultura*, dada a súa ambivalencia e enorme riqueza conceptual) de Galicia, non cabe dúbida, unha das máis antigas e interesantes do continente europeo (véxase senón o bo número de antropólogos *estranxeiros* que elixiron e veñen elixindo a nosa terra como lugar idóneo para o desenvolvemento dos seus primierizos traballos de campo en moi variopintos temas), esmorece a pasos axigantados sen que poidamos salvala da súa desaparición inminente nun brevísimo curto prazo de tempo (¿sería acaso moito dicir unha década?), toda recopilación e acopio de datos resulta pouco. A fenda entre xeracións, entre vellos e novos, é hoxe tan sumamente fonda, tan fondamente grave, que o desfase existente entre as dúas culturas populares non se traduce na lóxica transformación cultural, senón unicamente na substitución da unha pola outra. As tradicións, os nomes de lugar, as cantigas, os costumes, os traballos, as construcións, os xogos, os xeitos de vivir e pensar.... A nosa cultura popular, con séculos de antigüidade, morre hoxe cos nosos vellos, e endexamais poderemos voltar a *recuperala* se non é gracias ás recollidas intensivas de datos orais e gráficos procedentes dos traballos de campo de corte etnográfico (impor-

tante paso para, ó tempo e tralo proceso de rexistro, axudar a revaloriza-la cultura ameazada, sen ficar na mera conservación). Neste senso, é obvio pensar que, na medida en que se contribúa a esta complexa laboura, calquera outro erro ou carencia deberá ser desculpado, e o libro que recensionamos presenta non un, senón varios traballos cun impagable valor neste eido: a descrición e análise, con informantes de primeira man, do traballo das *aureanas*, abandonado como tal dende hai escasos anos; o cultivo do millo miúdo, planta e práctica case totalmente extinta no conxunto xeográfico-cultural do noroeste peninsular; as trampas, inxenios e patróns de comportamento desenvolto durante anos no medio rural de cara á caza de especies animais perigosas (para o gando ou os cultivos) ou precisas para o aporte dietético de nutrientes cárnicos de calidade; ou a impronta dos cambios culturais na elaboración da cerámica popular galega. Todo elo conforma, sen dúbida, unha mostra máis que representativa de que o traballo publicado por Vázquez Varela non precisa agardar o paso do tempo para que o seu enorme aporte quede demostrado, non xa no complexo e inacabable eido da interpretación arqueolóxica (dentro do cal abre novos vieiros), senón tamén para o conxunto da cultura tradicional deste país, que, no lento transcurrir dos días, mórrenos nas mans.

Pero, con todo, non nos enganemos. Pese ó dito, a obra en cuestión persegue outros obxectivos primordiais, e estos pasan, fundamentalmente, por facer dos traballos etnoarqueolóxicos unha ferramenta funcional e útil á hora de interpretar, relacionar e crítica-lo rexistro arqueolóxico. Determinar se éstos obxectivos se cumpren ou non, se a disciplina ensaiada vence ou fracasa, non é algo que poidamos valorar polo momento na súa xusta medida. Pola miña parte, sexamos honestos, nin creo te-la capacidade precisa para elo, nin considero dispoñer da experiencia investigadora a todas luces necesaria. Será, como non, a arqueoloxía, dun xeito global, a que xuzgue e determine, na medida en que a primeira logre ver satisfeitas as súas necesidades e demanda de coñecementos por parte da segunda, o auténtico triunfo dos diferentes traballos desenvolvidos por Vázquez Varela (para o caso) e outros investigadores dende o eido da etnoarqueoloxía. Neste senso, o tempo, como na vida mesma, garda silencioso, taciturno, a solución ó eterno dilema: outorga-la victoria do acerto ou infrinxi-la amarga derrota dos erros ós nosos proxectos. Agardemos.